

A ESCOLA DA VIDA

O exercicio de ser pais e nais imperfectos

17.04.2010

JOSÉ MANUEL SUÁREZ SANDOMINGO

Durante moito tempo, no noso país, considerouse que o feito de ser pais non supuña ter que desenvolver ningunha calidade particular; parecía como se a propia Natureza se encargase de pór nas persoas os xenes necesarios para que, no momento en que trouxesen ao mundo un fillo o fixesen sen reparos, e, se isto non fose suficiente, cun pouco da culturiña recibida na crianza dos irmáns e nos tratamentos adoptados polos propios proxenitores conseguiríase, con toda certeza, ser uns pais e nais perfectos. Hoxe en día, porén, as familias aprecian que o mundo é demasiado complexo para educar os fillos sen axudas externas.

A educación volveuse algo espesa, tendo que manexar moitas variables que nin sequera son percibidas na maioría das ocasións, pero que interveñen de forma vigorosa sobre os fillos. Elementos como os educadores externos, xa desde a mesma escola infantil, pasando polos medios de comunicación, o propio medio social, entre outros, interveñen e interfieren na educación familiar confundindo os pais no que consideran como as súas funcións e as súas responsabilidades.

Así as cousas, os pais acaban admitindo as súas dificultades, chegando uns a delegar as súas prerrogativas noutros, e outros a pensar que o exercicio de ser pais comporta saberes para os que se deben preparar. Son os segundos os que fixeron que en España se establecesen desde hai uns trinta anos as escolas de pais e nais.

Estas, tras un período de incerteza sobre a súa razón de ser, na actualidade estanse a converter nun verdadeiro piar para o apoio dos pais e nunha necesidade social para conseguir un traballo en común sobre as novas xeracións.

Ano a ano, estas escolas incrementan as súas posibilidades e as súas canles formativas e informativas. De feito, agora estamos a ver como a televisión e a radio achegan espazos exclusivos dedicados a ofrecer coñecementos e experiencias prácticas das familias con fillos. Pero quizáis a súa novidade máis salientable sexa que hoxe son menos dirixistas, xa non é un único profesional o que informa sobre os procesos que cómpre levar a cabo, senón que son os propios pais os que comparten tamén as súas experiencias achegando novas posibilidades na relación cos fillos e manifestan que, no fondo, ser uns bos pais está lonxe de ser uns pais perfectos.